

**ORGANISMO
CONVOCANTE**

Instituto Galego de Promoción Económica

Bases reguladoras do Programa do IGAPE de bolsas formativas para a realización de proxectos de mellora das PEMES galegas

FINALIDADE DA AXUDA

Programa de bolsas formativas para titulados universitarios posteriores a 31 de decembro de 2006 para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, a través da prestación de servizos de mellora da competitividade das pemes en ámbitos como poden ser o diagnóstico da situación competitiva, a profesionalización da xestión empresarial ou o desenvolvemento estratéxico.

OBXECTO DA AXUDA

100 bolsas formativas para titulados universitarios en diversas áreas relacionadas coa profesionalización e desenvolvemento estratéxico da empresa:

- Optimización financeira/mellora do circulante.
- Profesionalización da produción.
- Relanzamento comercial.
- Xestión por procesos.
- Imaxe e comunicación empresarial.
- Construción dun proxecto de futuro e plan de mellora empresarial.
- Desenvolvemento de plans de acción.
- Identificación de redes de cooperación e socios.
- Innovación na empresa.
- Desenvolvemento de capital humano.
- Execución de vixilancia tecnolóxica/intelixencia competitiva.

RÉXIME DA AXUDA

Concurrenza competitiva. Criterios de valoración (máximo 100 puntos):

- a) Expediente académico: Ata 5 puntos.
- b) Formación específica nos ámbitos relacionados no obxecto da convocatoria: Ata 1 punto.
- c) Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas, Economía, Ciencias Empresariais e Enxeñerías: Ata 1 punto.
- d) Celga 3 ou equivalente: 0,35 puntos.
- e) Coñecemento dalgún idioma estranxeiro acreditado no nivel B2 no Marco Común Europeo: 0,35 puntos.
- f) Situación de desemprego no momento de solicitar a bolsa: 0,30 puntos

A puntuación máxima será de 8,5 puntos.

REQUISITOS BOLSEIROS

- Veciñanza administrativa en Galicia cunha antigüidade superior os 24 meses; ser natural de Galicia, fillo ou descendente en liña directa ata o terceiro grao de emigrantes galegos no exterior.
- Estar en posesión de algunha das seguintes titulacións: física, enxeñería, matemáticas, química, ciencias económicas e empresariais, economía e dereito. Ditas titulacións deben ser obtidas con posterioridade o 31 de decembro de 2006.
- Non ter desfrutado con anterioridad doutra bolsa do IGAPE, ou non estar

disfrutando no momento do proceso de selección dunha bolsa concedida no IGAPE a través doutras institucións.

- Non ter desfrutado doutra bolsa concedida por outros organismos.
- Non ter desempeñado con anterioridade algún traballo profesional para o que se requirise a mesma titulación exixida nesta convocatoria, en virtude de calquera tipo de contrato laboral igual ou superior a 6 meses.
- Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais, autonómicas e da Seguridade Social.

REQUISITOS ENTIDADES COLABORADORAS

a) Solvencia técnica: Empresas con experiencia mínima de 4 anos en consultaría empresarial especificamente dirixida á elaboración de proxectos de mellora nas pemes, nos ámbitos establecidos no obxecto da convocatoria, que teñan asegurada carga de traballo nos próximos 12 meses neste tipo de proxectos.

Dita solvencia será acreditada mediante:

- Declaración responsable dos principais proxectos elixibles executados durante os últimos catro anos, con indicación de título, descrición, importe contratado, dedicación en horas e cliente final.
- Relación de contratos asinados para os próximos 12 meses e carga de traballo en horas/home asociadas a cada un de eles.
- Plan de formación teórica dos bolseiros e plan de prácticas formativas mediante a participación nos proxectos enumerados na relación de contratos anterior.
- Declaración responsable do titor comprometéndose a dedicación dun 10% da súa xornada á supervisión e formación directa do bolseiro.

b) Solvencia económica: Acreditación mediante vida laboral da empresa para o ano 2011 e declaración relativa á cifra de negocios global correspondente aos tres últimos exercicios do cumprimento dos seguintes requisitos:

- Mínimo 3 empregados UTA no ano 2011.

Facturación mínima 2011: 300.000 € en proxectos de consultaría empresarial.

CUANTÍA DA BOLSA

A contía das bolsas é de 9.960 euros anuais (830 mensuais). En caso de prórroga da bolsa, a dotación incrementarase proporcionalmente segundo a duración da prórroga.

Considéranse incluídos dentro da dotación da bolsa a seguridade social, no seu caso, os impostos de carácter persoal así como todos os gastos en que teña que incurrir o bolseiro para o desenvolvemento das fases teóricas ou prácticas da bolsa.

SOLICITUDE

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto ata o 12 de xullo de 2012.

REFERENCIA LEXISLATIVA

DOG. nº 111 de 12/06/2012 - Resolución do 1 de xuño de 2012 pola que se lle da publicidade ao acordo do consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), que aproba as bases reguladoras do Programa do IGAPE de bolsas formativas para a

realización de proxectos de mellora das pemes galegas, cofinanciadas polo Fondo social Europeo, no marco operativo FSE Galicia 2007 - 2013, e se procede a súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva.